



As industrias da memoria:

Felipe-Senén López Gómez

«*Non des a esquecemento da inxuria o rudo encono...»*»

Repiten as teorías da arte de orixe marxista, que o *feito mínimo de creación é asumir*: enxergar o que fas, onde, cando, con qué, para qué... Así é que polas obras xulgaremos e xulgarannos despois. Asumimos que nos movemos entre oreilleiras, condicionantes socioculturais, económicos e hoxe fortemente mediáticos, que nos arrastran na rutina deica converternos en robots, en adictos consumidores do que programan outros. Interacción de aspectos da deshumanización que condicionan tanto a quen fai como a quen investiga. Isaac Díaz Pardo, herdeiro do humanismo dos “bos e xenerosos”, enxergou e interferiu como un estralampo no seu tempo. Eran os difíciles anos da “*Longa noite de pedra*”. Máis sempre esperanzado pola “*Alba de Gloria*” que seguía a depender de nós, entre os que estaba el e todos os demais, un traballo colectivo.

Tempos nos que os sistemas de produción e os modos de vida aceleran progresivamente cambios nunha Galiza aínda fundamente rural. Ese ruralismo que conservou tantas esencia da identidade galega. Onde persistía unha valiosa industria artesán, familiar, meritória pola habilidade e as tradicións herdadas, máis sen capacidade de adaptarse a unha industria evolucionada, mecanizada e menos aínda ás novas pautas dun comercio que nada tiña que ver coas feiras tradicionais. Partíase do que se tiña e insistía en que “*estes son os bois que temos pra arar*” ós que hai que sumar o que saibamos e a ansia de cambio. E só é a cultura, todo o que dun xeito ou doutro cultivamos.

Isaac Díaz Pardo, herdeiro do humanismo dos “bos e xenerosos”, enxergou e interferiu como un estralampo no seu tempo.

Tándem imprescindible o conformado por Díaz Pardo e Luís Seoane, os que seguen e anovan o ronsel, a pegada irrenunciable, o herdo de Castelao e dos mestres de “*Nós*”: redescubrir ó ser humano e á sociedade, entrar no pasado para construír o presente: Galiza. Coincidentes en divulgar, en seducir por todas as canles, coa ansia de dignificar, de marcar o ritmo entre ética e estética. E farán isto meténdonos nas cuestións da produtividade para superar as crises. E velaí a pedagogía de catecismos de sensibilización, cadernos como “*Construción de urxencia ó entendemento dos problemas da arte/industria*” (Cadernos do Seminario de Estudos Cerámicos de Sargadelos, 18- O Castro – 1976). Reflexións ensarilladas para dar a

coñecer a grandeza do ser humano, os problemas da convivencia e a comunicación por medio, centrados nun espazo e no aporte singular á universalidade. Iso chámase humanismo e está na lección aprendida, naquela que fora impartida polos “bos e xenerosos”, a través de esforzos, de irmandades, de seminarios, de sementeirias, de frustración tras frustración, na ansia de ser praxe para quedar no espolio, nas cunetas ou no exilio. Conviría memoria e retomar a Historia. Isaac intentouno de cabo a cabo. Artillou modelos pioneiros de xestión cultural, sen caer no folclorismo ou no culturalismo, pragmatismo ante todo. Encargábase de matizar sempre estas cuestións para non dar lugar a equívocos. Púxose ó servizo dun

tempo e de canto supón unha terra: recursos, tradicións, historia... e xente moza, entón sometida á emigración. Un impulso que nace no ano 1949 nas propiedades dos

Arias de Castro, a familia de Mimina, a muller, no Castro de Samoedo, en Sada. Inicio dunha espiral práctica que atoparía seu corpo teórico a través do “Laboratorio de Formas de Galicia”: para ser praxe nas chamadas “Industrias da memoria”, como as fábricas de porcelana e os experimentos sempre inacabados en relación co deseño, das factorías do Castro e Sargadelos; o Museo Carlos Maside, para mostrar as raiceiras da creatividade contemporánea e a teorización sobre a existencia dunha arte con identidade e distinción, a “Arte Galega”. Partindo do esforzo de Castelao, abrindo camiños na plástica, no teatro, na novela, na

etnografía... na política, porque as relacións e todo é política, expresada en formas. Teoría e actividade seguida polos renovadores: Torres, Colmeiro, Laxeiro... Museo que sería convite á reflexión sobre arte e identidade. O que se complementaba coa Editorial do Castro para dar saída á teoría e espallar memoria; o Laboratorio Xeolóxico de Laxe, para recoller o legado de Isidoro Parga Pondal, para coñecer a constitución, a estrutura, a osamenta... as posibilidades desta terra na que nos asentamos... e finalmente, como derradeiro e necesario intento do I.G.I, o Instituto Galego da Información en Compostela, o que debiera ser un centro para informar e formar, para crear un xornal chamado “Galicia”,

para meterse nos temas da comunicación e na galaxia da imaxe, a que tanto marca e seguirá a marcar a contemporaneidade e a postcontemporaneidade. Somos a imaxe que

proxectamos. Ao final, Isaac, tamén simbolicamente atrincheirouse nestes espazos de San Marcos, inmediateos ó Monte do Gozo, os que dan entrada a Compostela. Sería esta unha nova factoría, nacida da ilusión de moitos para coidar a palabra, a imaxe, para difundir memoria e acontecer cos que construír o futuro, dimensionando a escala de xigantes a empresa dos mártires e as arelas do taller do pai, para construír Galiza, “Unha vez máis hai que dicir que para superar o pasado hai que coñecelo. Se nos ocultan o dano seguírase cometendo, e non se pode perdoar un dano do que non nos temos arrependido” (Galiza

Hoy, Edicións do Castro 1987, p.21). No I.G.I e no seu taller da Casa do Castro de Samoedo, mirando á decadencia que ensombrecía aquelas industrias xa noutras mans da maioría accionarial, pasou os seus derradeiros meses, organizando documentos, recibindo a todo o mundo, preparando estratexias xudiciais coas que gañar batallas por telo entregado todo... Namentres o goberno da Xunta de Galicia construía na coroa do monte Gaiás, mirando a Compostela a “Cidade da Cultura” e os máis edulcoraban, distraían aqueles momentos con premios, homenaxes a un Isaac ofuscado en entender o comportamento que o desterraba do que el creara, abría e dera xenerosamente a todos. Repetía ser coleccionista de fracasos. El que sabía que sobre as ruínas, sobre os mesmos fracasos ergueríanse máis sólidas iniciativas. Na mesma teima persistía un século atrás Manuel Murguía en momentos de desalento social e vital. Asunto que semella un andazo entre as nostalxias destes confíns pola recuperación do Paraíso perdido, sempre no labirinto do mito de máxica, á espera, como si fose dun Ulises, dun cabaleiro, dun Breogán, dun Arturo, dun Apóstolo que remata confundido, a cabalo e brandindo a espada imperial...

Finado don Antonio Fraguas (1999) e como non podía ser doutro xeito, o Patronato do Museo do Pobo Galego nomea presidente, ó seu pesar, a Díaz Pardo, quen tamén fora o seu fundador. El sentíase home de a pé de obra, de traballo feito, sabendo que, aínda que as ideas son importantes, o difícil é poñelas en marcha, experimentar e reconducir deica as metas. Velaí a retranscrición de múltiples estrallos de autodifinirse como “templagaitas e limpamerdas”. Isaac,

Tándem imprescindible o conformado por Díaz Pardo e Luís Seoane, os que seguen e anovan o ronsel, a pegada irrenunciable, o herdo de Castelao e dos mestres de “Nós”.

sendo singular creador, sempre ofrecía plataforma a todos os demais creadores, investigadores, a quen tivese algo que mostrar ou dicir. Pero había outra prioridade maior, máis alá das xenialidades particulares, a tarefa común de construír e dignificar a imaxe do país. Quizais por iso e dentro da súa coherencia colgou co lenzo e cos cabaletes, coa súa cotizada pintura, da que outros se aproveitaron máis, para dedicarse e poñer a súa creatividade o servizo da industria e que a dignidade de Galiza estivera até nos bazares como escribía Seoane. Iso é o que o revaloriza, o que lle dá a Isaac e á Galiza do seu tempo unha dimensión exemplar e intemporal.

Mirando atrás, preocupa que o esplendor das *"Industrias da memoria"*, coincida cos anos dunha ditadura contra a que, dende estas iniciativas, non se deixou de combater dun xeito ou doutro. Para ir esvaeendo a partir da transición e acontecer a inanición deica perderse as mensaxes cando gobernaban as esquerdas e deberan madurar as ideas, ese mesmo tempo no que seguimos estando cando isto se di.

Construír a imaxe de Galiza

Hai vidas marcadas por unha estrela e a de Isaac Díaz Pardo, neste confíns de Galaxias, estivo guiada por unha estrela, como a de Castelao. Mesmamente e como regalo do *"humus"* astral que somos morreu, como Valle Inclán, nunha véspera do día dos Magos do 2012, en terra barroca de contrastes, de paradoxos, sempre incomprendible e de magos. Personalidade inqueda, contrapelo de canto significaba, capi-



Antonio Raimundo Ibáñez. Retrato de Francisco de Goya

talismo, rutina; retranqueiro, conformado nunha encrucillada de guerras, tamén de buscas que abren ó terceiro milenio, cando morren tantas tradicións e xeitos de vida, case prehistorias, cando se perden, se disfrazan ou se rebozan tantos valores de uso para facerse deles mercancías de consumo, coa conseguinte deshumanización. Isaac foi formado entre tremoias, distinguindo o real do teatro da vida, construíndo unha imaxe de Galiza. Inicialmente observando e axudando ó pai. Non faltan as referencias á *"Casa da Tumbona"*, no número 7 da rúa das Hortas en Compostela. Aquí tiñan abertas as portas as grandes figuras do galeguismo, lembranzas dos libros lidos, do taller, preparando decorados para os escenarios e para a empresa de quen sería o seu padriño, o ourensán Isaac Fraga. Figura que de pouco lle valería nos momentos de persecu-

ción, guerra e morte do pai, Camilo Díaz Baliño, apresado, asasinado nun 14 de agosto do 1936 para aparecer o cadáver nunha cuneta en Palas de Rei... Anos de nenez e mocidade seguindo de preto e de lonxe os galeguistas de aquí e máis do exilio, militando nas Xuventudes Socialistas Unificadas, rebelde con causa... Isaac endexamais pasou follla do acontecido. Sumou esforzos ós de moitos exiliados, foi e veu a Bos Aires, alí creou a industria cerámica de Magdalena, trouxo e levou experiencias e misivas, colaborou especialmente con Arturo Cuadrado, con Dieste e con Luís Seoane, os que entenderon que o seu traballo de formiga estaba aquí, onde tería que manter viva deica xermolar aquela semente do *Seminario de Estudos Galegos*. A rexeneración da ética e da estética, recollendo e anovando tradicións perdidas ou enlameiradas,



«A derradeira lección do mestre», debuxo de Castelao

Isaac artillou modelos pioneiros de xestión cultural, sen caer no folclorismo ou no culturalismo, pragmatismo ante todo. Púxose ó servizo dun tempo e de canto supón unha terra: recursos, tradicións, historia...

esperpentizadas, comezando polas artesanías, e entre elas a historia triste do ilustrado Raimundo Ibáñez e das súas industrias de ferro e de porcelana de Sargadelos. A vida de Isaac vai en paralelo a de Raimundo Ibáñez, con dous séculos de diferenza, pero tamén trezada polas negras sombras, os monstros da ignorancia, a inxustiza, a insolidariedade de cada momento... Historia de fracasos que era un insistente principio e detrás deste outros e outros, cara ós que sempre e se volvía a ollada, para atopar emigración e un país en perigo pese ós seus tantos recursos por aproveitar.

“Sargadelos, pasado, presente e futuro dunha experiencia industrial...” non era un informe máis para deixar nos andeis das bibliotecas, era a cartilla elemental, para aprender dun pasado, dunha iniciativa en siderurxia e porcelana, aproveitando os recursos do entorno, a madeira para os altos fornos, o ferro e o caolín dos xacementos próximos, a auga dos ríos e a proximidade a portos que unían co mundo... Todo viña dado para aquela industria produto do humanismo da Ilustración, a primeira da península en obter o ferro colado en proceso continuo. Primeira e modélica tamén en industrializar o proceso de produción cerámica, coa introdución do decorado mecánico, planificación industrial, onde non había máis antecedentes que os da produción artesanal... Experiencia que transcorre entre o 1791 e até o seu peche no 1875, guiada por aquel inquedo, fidalgo vido a menos, fillo das montesías terras asturianas de Santa Eulalia dos Oscos, quen se foi facendo a competir con imperios que polas artes da insidia lle gañarían a batalla para sementar a frustración. Pertencendo á Xunta de Defensa de Ribadeo, coa ansia de evitar máis conflitos dos habidos, aceptou a causa dos invasores, despois, entre contubernios do clero, acusado de traidor e afrancesado, un 2 de febreiro do 1809, entre os seus traballadores e paisanos foi arrastrado polos cabalos ante os seus parroquiáns, a mesma xente á que lle dera traballo e vida. Tema que representa o mosaico que Luís Seoane tivo a ben facer para campar, como unha lección permanente na entrada ó círculo industrial de Sargadelos. Lección inaprendida, repetida na guerra civil e lembramos a historia contada polo escritor Manuel Rivas, *A lingua das bolboretas*, cuestión mesmo reiterada hoxe.




Díaz Pardo con Luís Seoane e Eduardo Blanco-Amor na Coruña (ca. 1970)

O Laboratorio de Formas de Galicia, nacido no 1963, creará no 1968 un novo Sargadelos, para comezar a dar os seus primeiros pasos no 1970 naquela planta circular inspirada nos castros, deseñada por Albalat e, como todo, complementada por Isaac. Comeza entón a quinta etapa de produción cerámica en Sargadelos. Novos tempos, novas ideas, novas técnicas e remoer de ideas. Canto se faga, en fondo e forma levará a pegada de orixe, a orixinalidade. Temas inspirados na historia, na mitoloxía, nas formas artesás, sumando a ansia dos novos creadores, e tamén as relacións, ese universo sempre inacabado que constitúe a Cultura: tradicións, innovacións, investigacións e relacións... No novo Sargadelos aniñarán ideas que

irán madurando e xerando a espiral doutras, referente tanto á produtividade, como ás novas tecnoloxías de produción, ó uso e ó consumo, a identidade que é distinción... Pola forza daquelas iniciativas, no 1972 o Ministerio de Educación e Ciencia declara Monumento Nacional (hoxe B.I.C) o antigo recinto de Sargadelos: o Pazo de Ibáñez, a Casa da Administración, os Cuarteis, as instalacións hidráulicas coa presa e o "Paseo dos Enamorados", canles, o núcleo urbano presidido pola igrexa, as ruínas da fábrica de louza... espazos susceptibles de calquera intervención en relación coa arqueoloxía industrial. No 1975 créase un Real Padroado para a salvagarda do Conxunto Histórico, Artístico de Sargadelos. Moito se foi cumprindo

Isaac, sendo singular creador, sempre ofrecía plataforma a todos os demais creadores, investigadores, a quen tivese algo que mostrar ou dicir. Pero había outra prioridade maior, máis alá das xenialidades particulares, a tarefa común de construír e dignificar a imaxe do país.



O arbolino cas estacas, de Castelao

daqueles proxectos, precisamente onde soamente había ruínas.

Moito se ten dito e feito en vida arredor da figura de Isaac, e sempre de louzanza, mesmo cando fora desterrado da súa mesma obra, persistindo teimudamente en recuperala e en facer recoñecer toda unha teoría de país que había detrás do que outros cabalos doutros atilas tiñan trepado. E, pasado o tempo, xa con outras perspectivas, semella que pouco ou nada se entendeu. Como se aquilo fora un capricho dun ego creador. Final dun produtor

de formas integral, que o deu todo, namentres a redor da súa figura se facían agasallos, se lle outorgaban premios, homenaxes, discursos... e namentres, desnortada, esmorecía en "eres", en divisións, unha obra nacida da ética e con estética, unha homenaxe grandiosa de teoría e os audi, de ética e estética á historia, ó Nós plural e maxestático. Algúns, poucos –e non precisamente as institucións que andaban trazando "casas" e mesmo "Cidades da cultura"– foron os que se preocuparon polo estado da cuestión da obra propia que o mesmo Isaac almacenaba nun cuarto

do Castro, sen darlle demasiada importancia, incluso cortando partes, servindo para pagar o día a día, os compromisos cos seus leais seguidores e quizais tamén para seguir nese proceso xudicial que el anunciaba que algún día daríasele a razón, cando por ética e estética a tiña, por xustiza a tiña toda. El mesmo, ó final, cavilando precisamente en futuro, mesmo rebelándose a unha proposta de padroado, decidiu depositar por medio século, na Xunta de Galicia e na Cidade da Cultura, o patrimonio documental por el reunido e que mantiña moi preto de si, sempre movendo e empacutando. Documentos, pegadas acumuladas especialmente do tempo que vivira e que acollía case todo o século XX. Testemuños de moi diversas procedencias, de políticos, de creadores, de investigadores... que eles tiñan sabiamente confiadas á teoría e á praxe dun "bo e xeneroso" exemplar. Aquilo non podía quedar na incerteza. Sabemos moi ben, por exemplo, dos documentos, cartas, cartaces, fotografías... confiadas polo historiador da arte ourensán Manuel Chamoso Lamas, que como moitos outros, forzados por diversos imperativos, participaron na guerra civil no bando dos gañadores. Luís Seoane, Dieste, Cuadrado e tantos emigrantes na Arxentina, como aquí Parga Pondal, confiáronlle tamén importante material documental e gráfico, igual que moitos outros entregábanlle a Isaac fotos, epístolas, carteis... coa ansia de recompoñer o difícil crevate das da memoria histórica. Foi naqueles seminarios de Sargadelos onde primeiro escoitamos falar de "Memoria histórica" no senso que lle damos nestes días de recuperación e que deberan ser de rehabilitación da normalidade democrática. Agasallos recibidos pola axuda prestada, a colaboración incondicional

Díaz Pardo con Manuel Colmeiro,
Rafael Dieste, e as súas respectivas
esposas en O Castro (1970)

e en silencio até o seu pasamento a Xosé Martínez Guerricabeitía (Pepe Martínez), fundador e creador de "Ruedo Ibérico", aquela plataforma, en días da "Longa noite de pedra" educando e en defensa da liberdade de expresión e da democracia. Actuando entre a clandestinidade e o foro aberto. O apoio incondicional a tantos esquecidos, a Clara Sancha, na súa soidade, a viúva do xenial escultor Alberto Sánchez, aquel creador autodidacta cunha longa experiencia vital como porqueiro, zapateiro, escaiolista, panadeiro e xenial escultor da xeración do 27, finado no exilio, en Moscú no 1962, autor da suxerinte escultura "El pueblo español tiene un camino que conduce a una estrella" para o pavillón da República na Exposición de París do 1937. Isaac identificábase con estas vítimas da guerra e da ditadura e todo o seu facer e a súa obra brotaba en función dun permanente agasallo a súa memoria. Moitas outros feitos quedan no silencio de quen soubo dar e á vez calar o feito.

O Seminario de Estudos Galegos, o Laboratorio de Formas...

Teoría e praxe interaccionábanse en Isaac, quen ben cedo deixou os pinceis e o cabalete, pola arte industrial, pola arte para todos, pola produción ó servizo dun país. Volta permanente á ética e á estética, á arte e ó compromiso, sobre o que tanto se teorizaba nos seminarios internacionais de Sargadelos e do Castro: que se artesanía, que se arte



culto ou popular, removendo filósofos, teóricos da arte... Saíndo a relucir as teorías, entón tan de moda, de Arnold Hauser, e sempre as referencias ás experiencias construtivistas do Vkhutemas, ás racionalistas de Bauhaus...: a arte en relación cun contexto socioeconómico, coa terra e co tempo... para rematar Isaac concluíndo, con retranca, que o que pasa hoxe é que a arte sofre de artesculose e acaba producindo "capitalisánia"... Seminarios impartidos no mes de agosto a alumnos chegados de todo o mundo, que traían, compartían experiencias e sorprendidos espallaban o exemplo galego de Sargadelos. Referenciábanos no mapamundi. Moitas amizades e intercambios se teñen fraguado nestes encontros, con clases, conferencias, teatro e cine por medio. Queimada e festa arredor da Pía do Xunco. Seminarios nos que eran incondicionais arquitectos, como Fernández-Albalt, Bar Boo,

Baltar, Gallego, Portela... priorizando a importancia da arquitectura e do urbanismo na sociedade, esas grandes escenografías que interveñen na paisaxe e que condicionan á paisanaxe, os escenarios da vida, da convivencia, para a liberdade e a paz... Os profesores da universidade de Santiago Díaz Fierros, Uxío Labarta, M. Luísa Sobrino Manzanares... polígrafos como Chamoso Lamas, Filgueira Valverde, Donega, Dieste, García Sabell, Alonso Montero, Víctor Freixanes, Basilio Losada... Carlos Oroza, Felipe Criado, Manuel Lourenzo, Neira Vilas... sumándose, moitos outros. Para en decembro do 1982 conformar unha desas ideas ás que abría Isaac e probaban todos, mesmo podendo esmorecer pouco despois pola falla de seguimento, como o *Seminario da Arte e da Comunicación*. Encontros artellados especialmente polos fillos de Isaac e de Mimina, Xosé e Camilo Díaz.

Teoría e praxe interaccionábanse en Isaac, quen ben cedo deixou os pinceis e o cabalete, pola arte industrial, pola arte para todos, pola produción ó servizo dun país.



Díaz Pardo na casa de Valentín Paz Andrade con laxeiro, Mariluz Arias e Luis Seoane (1971)

Mesmo naqueles inicios participaba tamén Rosendo, o que con Xosé despuntaba como creador de formas. Creadores como Luís Seoane, que fixeron posible esta aventura en momentos e país difícil, e todos poñían nos herdeiros naturais as mellores esperanzas, sabendo que levaban moi prendida esta experiencia vital... Eran "os *continuadores naturais*" que dicía o mesmo Isaac nesa longa e testamentaria entrevista feita por Xosé Manuel del Caño (*O contencioso de Sargadelos*. Edit Linteo, Ourense-2009). Contando con algúns outros traballadores de Sargadelos e do Castro, entre eles o químico Andrés Varela ou o ceramista Carlos Silvar e Vizoso, como o singular aporte de Pérez Porto nas clases de cerámica, tiñan un papel organi-

zativo e dinamizador importante e a súa man notábase nos preparativos e no desenvolvemento. Atentos a todo. Sargadelos creaba e propagaba un "*modus operandi*", un estilo propio até na cociña. Daquela o tema das novas tecnoloxías estaban sobre a mesa, mesmo os daquela novos recursos, os diaporamas, o vídeo... facilitaban a comprensión das mensaxes e a súa divulgación cun deseño propio. A man de Xosé Díaz facíase ver en todo, cun aire anovador metido na pescuda do deseño, e cando faltou fíxose ben patente a súa ausencia. Encontros ós que con frecuencia eran tamén convidades personalidades históricas de Galiza e de fóra. Especialmente ceramistas, como Enrique Mestre, Arcadio Blasco, Carmen Perujo, Silverio Rivas... Autores que naquelas xornadas deixaron para as coleccións e para os fondos museísticos do grupo pezas, proxectos da súa

autoría que agora languidecen nas vitrinas dalgunha daquelas salas, paralizadas no tempo. Xa ausente o "*genius loci*" que lle daba espírito ó complexo cultural, máis que industrial. Otero Pedrayo, nos seus últimos anos de vida, incluíase e valoraba esta iniciativa, como Xaquín Lorenzo, ou Carballo Calero... Tempo no que se pechaba un pasado e se abrían esperanzas que hoxe vemos e valoramos dende perspectivas temporais máis afastadas e nidias. Os "*Cadernos do Seminario de Sargadelos*" daban puntual conta deste encontro, con ponencias sempre relativas e circunscritas á cuestión ética, estética, á memoria histórica, produtividade, á comunicación, á arte, á necesidade e satisfacción, á industria...

Os principios e os fins das chamadas "*industrias da memoria*" estaban ben marcados e sinalados. Principios teó-

Felipe-Senén diante dunha
obra de Díaz Pardo

ricos que buscaban unha organización e un compromiso solidario difícil de cubrir naqueles anos duros. De todos os xeitos, os auditorios de Sargadelos e especialmente o do Castro, así como a súa imprenta cubriron un baleiro imprescindible para a sementeira ética e estética. Conferencias, publicacións, a incursión na banda deseñada partindo dos populares cantares de cego, as buscas de Raimundo Patiño e máis de Xaquín Marín... a edición de *"Luces de Galicia"* serviron de plataforma imprescindible para o movemento literario que abre o terceiro milenio en Galicia. Coidado de fondo e forma nunha nova imaxe de Galiza.

Honestidade, endexamais a especulación...

En Sargadelos e no Castro ofreceuse un aporte singular e modélico da Galiza do século XX, un referente con valor intemporal, ó que non dar esquecemento. Máis ben experiencia a recuperar serodiamente ou cedo. Igual que o acontecido cando Seoane e Isaac recuperaron e anovaron o espírito de Ibañez. Iniciativas que indubidablemente pasan por canto significaron ambos os dous e con eles os seus mentores e descendentes, tamén moitos outros nomes que creron na sementeira de



Castelao. Figuras senlleiras capaces de deixar o seu particularismo para entregalo todo. *"Operación restauradora"*, tras operación restauradora, teima que non pode ficar nunha nova frustración, con causa e efectos, que parten da ignorancia, do ego...que limou Isaac.

Proxectos que incluían o estudo e a posta en valor do conxunto destas industrias, os seus fins, así como algo máis práctico, a potenciación das materias primas do entorno, o estudo sobre a cerámica técnica, o gres, o cristal, o esmalte...

E sempre baixo os principios de *"honestidade e non especulación"*, *"que non se trata de repetir, senón de anovar"*... e todo fiado cos novos sistemas de comunicación, da imaxe. Xa que quen non se fai ver non

existe. Son principios que se repiten constantemente e que intercala por todas partes Isaac: corrixindo nos taboleiros con xis, no discurso, na corrección de probas.... Vese a man de Isaac cando reproduce, remarca e repite aquilo que dicía Raimundo

Ibañez *"Non é unha especulación para o lucro de beneficios o que hai que mirar nas Reais Fábricas que renden munições al Rei, senón o mellor e exacto cumprimento do Real Servizo. Cando a patria se queixa da infidelidade presente, todos rendémoslle*

o noso tributo. O que se deixe seducir polo espello das ganancias fáciles e trafique coas calamidades da Nación, merece a pena e a condena dos homes xustos..." Exemplo que se circunscribe á his-

Os auditorios de Sargadelos e especialmente o do Castro, así como a súa imprenta cubriron un baleiro imprescindible para a sementeira ética e estética.



Autorretrato de Díaz Pardo (1944)

toria e á patrimonio común. Herdos que insiste Isaac debemos recoller, coidar, transmitir, *“preservalo deses inevitables inimigos que sempre aparecen rodeando ás grandes obras coas que non puideron traficar, posiblemente, teríamos creado un centro exemplar no mundo, capaz de multiplicarse, proxectarse e exercer un efecto desencadeante nun sector pequeno de Galicia...”* (15 Cadernos do Seminario de Estudos Galegos - *“Sargadelos, pasado, presente y futuro de una experiencia industrial.”* Ed. Do Castro -1976). No epistolario de Luís Seoane a Isaac, que este tivo a ben publicar para así documentar toda a súa traxectoria en non dar pé a outras especulacións (Luís Seoane. *Notas ás súas cartas a Díaz Pardo, 1957-1979*, de Edicións do Castro, Sada, 2004, p. 476), nunha

delas, do 1972, leemos algo que se repite até o mesmo pasamento de Seoane, ocorrido na Coruña o 15 de abril do 1979, algo que comprende lembrar e repetir: *“Non me interesa Sargadelos como un negocio persoal meu senón como unha empresa superior destinada a afianzar a personalidade artística de Galicia e a fomentar o traballo nun currunchito de Galicia. Estarei, como sabes, para iso creamos o Museo e Sargadelos, de acordo con esas dúas finalidades e para iso proxectamos outras pequenas industrias das que aínda non nos temos ocupado. Ademais non pensei endexamais en ter accións en Sargadelos. Esta parte ocorréuseche a ti...”* Luís Seoane busca o retorno definitivo á Galiza soñada, ó paraíso perdido e deixado. Mais as cousas non son como as maxinaba, aínda o

país estaba pendente dunha tentativa de golpe, a do 23 F do 1981, cando os militares toman as Cortes. Dificil ambiente para a cultura, contra o que loitaba pacientemente Isaac. Minutos antes do seu repentino pasamento fala con Isaac do futuro das empresas creadas... O mesmo 2 de Marzo do 1979, Luís Seoane dirixe unha carta ós membros do Padroado do Museo Carlos Maside, a que pecha o referido epistolario publicado no Castro. Nela reafirma novamente as vellas teorías, centrándose no Museo Carlos Maside, na teoría dos museos como centros docentes, do seu servizo á colectividade, cousas que lembra xa están reiteradamente teorizadas nos Cadernos do Laboratorio de Formas... e quíxase que non se lee, e polo tanto non se sabe... *“O Museo Carlos Maside, fundábase co obxecto de espallar, ilustrando, a intención dunha xeración de artistas que creron nas posibilidades dunha arte galega, non soamente caracterizándose pola temática propia galega, senón polos aspectos formais da obra de arte do noso tempo... e tendo en conta o carácter precursor dun artista anterior, Castelao...”* Finalmente a súa viúva, Maruxa - coa axuda do Concello da Coruña, presidido polo Alcalde Francisco Vázquez - vai apartando a obra de Seoane para unha Fundación que levará o nome do teórico da arte galega e creador de formas. Coñecemos algúns intres daqueles momentos e o desgusto de Isaac cando se reparte o legado de Seoane... pero, o peor é o que aínda hoxe en día comprobamos: como a teoría e praxe de *“facermos país”* anestesiouse, musealizouse, no

senso máis arcaico do museo dos espectadores. Cando boa parte de toda a súa obra - como a de poucos creadores, agás Castelao que sempre estará nas referencias- está feita sobre principios de humanismo, de país e de servir. Obra feita para dignificar a imaxe de Galiza, a súa Historia... para seriar a través do gravado e todas as súas técnicas da estampa, da cerámica, do tapiz, do vidro, en múltiples... para seguir a estudala e reconvertela... para seguir a producir. Sabendo entón que a arte nunca morre, que os que morren son os artistas. E que se algo queda para algo será máis que para expoñer de cando en vez baixo un epígrafe. Por algo Isaac, dende as realidades, os coutos e os sometementos, sen saber dicir que non, tampouco oculta, recolle e difunde, para non caer no equívoco, teimas e arelas que veñen de lonxe, de Murguía, que pasan por Castelao, por moitos e emigrantes esperanzados, como Luís Seoane.

A maior das obsesións de Díaz Pardo, o motor, o compromiso da débeda é a *memoria histórica*, quizais o primeiro en usala co senso referido na actualidade ás duras lembranzas e consecuencias da guerra civil. Punto de partida, sumado a tantas frustracións, as que mesmo se cantan no Himno Galego: *"non des a esquecemento da inxuria o rudo encono"*. Entre todo iso o máis doloso, insiste Isaac, foi o espolio continuo do Seminario de Estudos Galegos, con todo o que significaba de sementeira: coñecer para querer, para defender... Isaac teno dito reiteradas veces " *O feito co Seminario*



de Estudos Galegos, foi o máis brutal atentado que se fixo con Galiza, e o máis incompreensible, pois non se fixo o mesmo co Institut d'Etudis Cataláns a pesares de que Cataluña loitou contra o franquismo na Guerra Civil durante tres anos...". Tampouco nunca comprenderemos como a esta teoría e praxe histórica non se lle deu a operatividade dentro de Galiza, máis ben fendeuse e dividiuse entre

outras institucións académicas e o mesmo Consello da Cultura. Namentres Isaac recreaba dende as súas industrias un Seminario de Estudos Galegos, reeditaba algúns dos seus vellos traballos, baixo o seu logo daba luz a resultados de encontros e debates, á teoría de facer país: a identidade como distinción nun mundo que se uniformiza aceleradamente. Nos últimos anos coa ansia do acopio, de incrementar, inventariar e darlle saída, Isaac incorporou a estas tarefas a Guillermo Escrigas, sensible e gran coñecedor do mercado documental e do seu estado da cuestión.

Reiterada e longa historia de frustracións que para algo debe servir. Así se sintetizaría o compromiso, a arte militante, sen vacacións, de Isaac Díaz Pardo. E eses principios de ética e estética, non caducan ou prescriben como os produtos dos supermercados ou das burocracias. Eles son a base especialmente dun tempo que el anunciaba de imaxe e comunicación. Somos a nosa imaxe e moito

queda aínda por facer nesta Galiza anormal, onde todo semella teatralizarse e mal, sen asumir esa historia, os produtos, as posibilidades, a xenialidade... máis ben esperpentizando, ignorando como *"feridos e duros..."*. Ou non se entende o que pasa ou non quere

interesar. Pois hai principios de dignidade, de ética que son alicerce de todo o demais. Asumir, enxergar é o feito mínimo de creación...

A Coruña Outubro 2012

Isaac recreaba dende as súas industrias un Seminario de Estudos Galegos... á teoría de facer país: a identidade como distinción nun mundo que se uniformiza aceleradamente.